



**XORNADAS
DE MÚSICA
CONTEMPORÁNEA
2017**

**MÚSICA
[E OUTRAS
ARTES]**

7 out-25 nov
2017

Santiago de
Compostela

Orquestra de Cámara Galega

SAB 11 NOV—20.30 h
Igrexa da Universidade

Rogelio Groba Otero, director

Programa

DIÁLOGOS EN MÚSICA

Rogelio Groba (1930)

Catro microconcertos para violín e violonchelo (1997)

Ter amores - Adeus - Liorta - Teimosía

*In illo tempore. Catro postais barrocas para corda** (2006)

Corte de aduladores – Cortesana – Segismundo - Lección de baile

Krzysztof Penderecki (1933)

Drei Stücke im alten Stil (1963)

Rogelio Groba Otero (1972)

Divertimento (2000)

Harald Genzmer (1909-2007)

Sinfonietta, GeWV 106 (1953)

Moderato - Allegro molto – Largo - Vivace

*Estrea absoluta

Orquestra de Cámara Galega

Dende a súa fundación en 1995, ten levado a súa actividade musical polas principais salas de concerto. Entre elas destacan o Auditorio Reina Sofía de Madrid, o Palau da Música de Barcelona, a Sala Mozart do Auditorio de Zaragoza, a Real Maestranza de Sevilla, o Teatro Jovellanos de Xixón, o Palacio da Ópera da Coruña ou o Auditorio de Galicia. No ámbito internacional, actuou en Viena, no Spanien Modern Musikfestival, Nova York, o Merkin Hall da Fundación Kaufman, en Bos Aires, no Teatro Metropolitan e en Holanda, Utrecht, Amsterdam, Middleburg e Róterdam e Palacio Ducal de Génova. Colaborou con profesionais da talla de Teresa Berganza, Anthony Pay, Cecilia Lavilla, Ara Malikian, Juan de Udaeta, José Ramón Méndez, Juan Lomba, José Núñez e José Luís Estellés. Ademais das súas gravacións en directo para TVE, TVG e Radio Clásica, gravou tres CD's. O primeiro editado por Boanergies con música de Rakov, Elgar, Groba e Groba Otero, o segundo monográfico de Rogelio Groba co selo Autor no que destaca a primeira gravación do *Concerto núm. 2 para violonchelo e orquestra* coa solista Clara Groba e o terceiro editado por Almagro do Centro de Documentación Musical da Junta de Andalucía coa primeira gravación mundial en directo da ópera *Don Chisciotte* do compositor Manuel García, na Real Maestranza de Sevilla.

Rogelio Groba Otero

Titulado Superior en violín polo Conservatorio Superior de Música da Coruña e en Música de Cámara polo de Oviedo, prosegue a súa preparación durante varios anos en Londres con Detlef Hann, profesor da Guildhall School of Music and Drama. En 1995, funda como director-concertino a Orquestra de Cámara Galega. En 2000, dirixe a gravación da súa propia obra, *Divertimento para cordas*, incluída no primeiro CD da formación, e en 2005 gravación dun segundo CD dedicado integramente á obra do seu pai, Rogelio Groba Groba. Participou na recuperación e estrea da ópera *Don Chisciotte*, de Manuel García e na súa gravación, realizada en directo no Teatro da Maestranza de Sevilla. En maio de 2007 dirixiu á OCGA no Spanish Modern Festival de Viena onde obtivo grande éxito de público e crítica interpretando obras de compositores galegos, e en agosto nunha exitosa xira por Arxentina, preámbulo dunha serie de concertos realizados por toda Galicia e parte de España. En 2008, Groba dirixiu tamén a OCGA na súa debut en Nova York, no Merkin Concert Hall da Fundación Kaufman. En 2010 estivo á fronte da orquestra nunha xira por Holanda con actuacións en Utrecht, Amsterdam, S-Hertogenbosch e Middelburg, que concluíu no auditorio De Doelen de Róterdam, e que proseguíu no auditorio 400 do Museo Reina Sofía (Madrid) e o Palau da Música (Barcelona). Realizou gravacións para Radio Galega, TVG, TV3, TVE e RNE, e ademais de en España, actuou en Portugal, Francia, Austria, Gran Bretaña, Arxentina, Chile, Uruguai, Colombia e Venezuela. Groba foi tamén director da Orquestra Sinfónica do Conservatorio de Música da Coruña.

Rogelio Groba, nacido en Guláns (Pontevedra), é un prolífico compositor con preto de 700 obras, moitas non estreadas. Os seus primeiros contactos coa música viñeron a través da Banda A Unión onde tocaba o frautín antes de dirixila con 17 anos mentres estudaba no Real Conservatorio de Música de Madrid. En 1962 trasladouse a Suíza e dirixiu numerosas agrupacións con gran éxito, como amosa a celebración de catro “Festivais Groba”, recoñecemento do seu labor artístico. Xa en España, foi director da Banda-Orquestra Municipal de A Coruña durante 23 anos e fundou a Orquestra do Conservatorio Superior de Música de A Coruña e a Orquestra de Cámara Municipal. Foi profesor de Contrapunto e Fuga, Harmonía e Composición nese Conservatorio, que dirixiu durante 20 anos. Entre os seus innumerables recoñecementos destacan os Premios de Composición Dante Luini, da Crítica Galega, Xunta de Galicia da Cultura, a Medalla Castelao, o Premio Internacional de Composición Auditorio de Galicia ou o nomeamento como Fillo Predilecto da súa vila natal. Groba, na súa obra *In Illo Tempore*, utiliza unha linguaxe que quixo denominar ‘in modo antico’, no que se achega aos canons máis clásicos desde unha perspectiva contemporánea. A pesar de ter momentos intimistas, é unha obra leda e inspirada en danzas cortesás.

Krzysztof Penderecki graduouse en composición na Escola de Música de Cracovia onde foi profesor. Deuse a coñecer no Segundo Concurso de Novos Compositores de Polonia (1959) coas obras *Strophes*, *Salmos de David* e *Emanations* onde reflicte a influencia musical de Igor Stravinsky, Arnold Schoenberg e Anton Webern, chegándolle a sona coa obra *Treno ás vítimas de Hiroshima* para 52 instrumentos de corda que describe o ataque nuclear dos EE.UU. a Xapón durante a Segunda guerra mundial pola que obtivo da Unesco o Premio da Música en 1961, que precedeu a moitos outros. *Drei Stücke im alten Stil* (Tres pezas en estilo antigo) formaron

parte da música encargada a Penderecki polo director Wojciech Has para a adaptación ao cine da novela de Jan Potocki, *O Manuscrito encontrado en Zaragoza* en 1965, partitura que o compositor garda ata 1989 debido ao uso dunha linguaxe atípica.

Rogelio Groba Otero compón no ano 2000 es *Divertimento para cordas* para cuarteto sendo orquestrado posteriormente e gravado nun primeiro traballo discográfico. A crítica describiuno como unha peza dunha atmosfera extraordinaria, misteriosa, na que se respira admiración e emoción.

Harald Genzmer estudou en Berlín con Paul Hindemith de 1928 a 1934 algo que o marcou claramente xunto ás influencias recibidas de Rudi Stephan, Richard Strauss e Max Reger. Na súa música utilizou a disonancia cando se adecuaba á súa necesidade expresiva. Porén, era un partidario da tradición melódica, a miúdo escrita nun mundo resentido ou esquivo desa tradición. A *Sinfonietta* é unha das pezas de literatura contemporánea máis gratificantes e accesibles para orquestra de cordas na que o equilibrio entre a simplicidade técnica e o efecto musical e tonal é uniforme en todos os movementos, probablemente unha das principais razóns do éxito da peza.



XORNADAS DE MÚSICA CONTEMPORÁNEA 2017 MÚSICA [E OUTRAS ARTES]

AUDITORIO DE GALICIA
Avda. Burgo das Nacións s/n
15705 Santiago de Compostela

DESPACHO DE BILLETES
T 981 571 026 | T 981 573 979 (Auditorio)
T 981 542 349 (Teatro Principal)

OFICINAS
T 981 552 290 | T 981 574 152

www.rfgalicia.org
www.compostelacapitalcultural.gal

Últimos concertos

NOVIEMBRE

ORQUESTRA DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Mario Diz, director

Dom 12—12.30 h— Igrexa da Universidade

LA PHÁRMACO

Ven 17—20.30 h

Auditorio de Galicia — Sala Mozart

NICASIO GRADAILLE, piano

Sáb 18—20.30 h — CGAC

MANUEL BLANCO, trompeta

KARINA AZIZOVA, piano

Ven 24—20.30 h — Paraninfo da Universidade

CUARTETO GRANADOS

ALICIA AMO, soprano

Sáb 25—20.30 h — Igrexa da Universidade



Deputación
DA CORUÑA